

**Investidura como *Doutor Honoris Causa*
do Excmo. Sr. D. Andrés Santiago Suárez Suárez
pola Universidade Rey Juan Carlos
(Móstoles, 4 de outubro de 2005)**

Recibido: 4 de decembro de 2006

Aceptado: 8 de novembro de 2007

**LAUDATIO DO PROFESOR DR. D. CAMILO PRADO FREIRE NA
INVESTIDURA COMO *DOCTOR HONORIS CAUSA* DO PROFESOR
DR. D. ANDRÉS SANTIAGO SUÁREZ SUÁREZ**

Excelentísimo e magnífico señor reitor.
Excelentísimos señores vicerreitores.
Excelentísimas e ilustrísimas autoridades.
Distinguidos profesores.
Señoras e señores.

Correspóndeme a min a grande honra de facer a *laudatio* do profesor Dr. D. Andrés Santiago Suárez Suárez nun acto tan solemne como é o da súa investidura como *Doutor Honoris Causa* pola nosa Universidade.

Nace Andrés Santiago Suárez Suárez en Brión, Luaña (provincia da Coruña), o 6 de outubro de 1939 nunha contorna eminentemente agraria, nunha contorna que podería singularizarse polo esforzo continuo de superación que permita conseguir un excedente, o que, en palabras de Castelao, constituía o eixe da familia campesiña galega: “*esta traballa para que a súa casa sexa o centro dun pequeno mundo económico. O ideal campesiño, afirmaba Castelao, consiste en vivir con folgura e en vender o que sobre*”.

Pero as contornas –e particularmente a contorna económica– que lle toca vivir son tremendamente hostís e, por iso, xa na súa xuventude se formula multitude de interrogantes para os cales non atopa unha solución adecuada. A súa preocupación e motivo de estudo vai ser tratar de comprender o funcionamento das forzas que rexen e que regulan o mercado.

Principia así os seus estudos de Peritaxe Mercantil ampliándoos cos de Profesorado Mercantil na Escola Superior de Comercio da Coruña, estudos realizados de forma brillante, espertando a atención dos seus profesores ante as ideas expostas nas disertacións claustrais. Eles incítano a continuar a súa formación e, aceptando o reto, trasládase a Madrid onde, no vello casarón de San Bernardo, culmina de forma sobresaliente os seus estudos de Licenciatura en Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais (Sección de Ciencias Económicas e Comerciais).

A brillantez dos seus estudos foi posible grazas á súa intelixencia e esforzo e grazas tamén ás bolsas e axudas económicas concedidas por distintas institucións,

tales como a da Excelentísima Deputación da Coruña, a do Padroado de Igualdade de Oportunidades do Ministerio de Educación e Ciencia e a do Padroado do Colexio Maior Pío XII da Fundación Paulo VI. É, precisamente, a súa vida colexial no Pío XII a que lle axudará a forxar o seu carácter de abnegación e de esforzo como guía para alcanzar os fins que se propón, mantendo os seus valores cristiáns.

Todo o anterior vai chamar a atención dos grandes mestres da Economía. Así, Fuentes Quintana, Arnaiz Vellando e Fernández Pirla, entre outros, invítano a formar parte dos seus equipos de investigación e docencia co fin último de que unha mente tan privilexiada reverta á sociedade o que esta no seu día lle deu. Sen vacilación toma a decisión de orientar a súa vida ao mundo universitario con total entrega e dedicación.

A empresa preocúpalle como entidade que transforma factores en produtos para satisfacer necesidades, o que o conduce ao equipo do profesor Fernández Pirla, orientando a súa investigación aos programas lineais especiais e, en particular, sobre o denominado problema do transporte. Iso vaille servir de base para alcanzar o grao de doutor coa máxima cualificación que a universidade outorga e, á vez, para transmitir o coñecemento ocupando distintos postos: profesor axudante, profesor encargado de curso e profesor adxunto de Economía da Empresa na Facultade de Ciencias Económicas e Comerciais da Universidade Complutense de Madrid. No ano 1968 obtivo por oposición –co número un– a cátedra de Organización e Administración de Empresas de Escolas de Comercio, e no ano 1970 obtivo –tamén por oposición e co número un– a cátedra de Economía da Empresa da Universidade. Foi catedrático e decano da Facultade de Ciencias Económicas de Málaga e, a partir de outubro do ano 1973, en virtude dun concurso de traslado, é catedrático de Economía Financeira da Empresa na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade Complutense de Madrid.

En diferentes épocas foi tamén profesor do Centro de Estudos Universitarios (CEU), do Instituto Católico de Administración e Dirección de Empresas (ICADE) e do Colexio Universitario de Estudos Financeiros (CUNEF). En cursos de pos-grao, a nivel máster, colaborou con numerosas institucións e universidades nacionais e estranxeiras, como a Organización de Estados Americanos (OEA), a Fundación Europea Dragan e a City University of London. O seu labor docente non se circunscibiu á área da Economía e Administración de Empresas senón que tamén no seu día ditou cursos de Contabilidade, Investigación Operativa, Economía e Teoría Económica. Tamén foi director do Departamento de Investimento e Financiamento da Universidade Complutense de Madrid e do Departamento de Economía da Empresa e Contabilidade da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

A súa vida académica enriquecese coa súa participación en numerosos congresos, sendo invitado a pronunciar conferencias en múltiples universidades tanto nacionais coma estranxeiras. Profesor visitante na Universidade de Harvard no ano 1979 e *associate editor* do *Journal of Banking and Finance*; director da colección

“Economía y Administración de Empresas” e da colección “Escuela de Salamanca” da editorial Pirámide entre os anos 1979 e 1985; colaborador nos cursos de Alta Xestión no Ámbito da Defensa Nacional (CESEDEN); copresidente da misión técnica “Auditoría de Empresas Públicas Industriales” para a Auditoría Xeral da República Popular de China; representante de España ante o *XIII International Congress of Supreme Audit Institutions*, que tivo lugar en Berlín no ano 1989; participe na *Conferencia Internacional sobre Formación en Auditoría Pública*, que tivo lugar na sede das Nacións Unidas en Viena no ano 1986. Na actualidade é membro da Sociedade Española de Investigación Operativa, da Asociación Española de Contabilidade e Administración de Empresas (AECA), da American Economic Association, da Academy of Management, da Financial Management Association; é membro de honra da Asociación Europea de Dirección e Economía da Empresa (AEDEM) e membro de honra do Instituto de Censores Xurados de Contas de España.

A súa dedicación á formación, a crear equipos de investigación e docencia, xunto coas súas obras publicadas e, fundamentalmente, a súa entrega á ensinanza fixérono merecedor de ser distinguido como *Doutor Honoris Causa* das Universidades de Sevilla e de Santiago de Compostela.

Malia o exposto, a contribución máis importante, ao meu xuízo, do profesor Suárez Suárez ao desenvolvemento científico da ciencia da empresa foi establecer as bases do que sería a moderna Economía da Empresa, pedra angular na que van asentarse as investigacións de multitude de discípulos que enchen as universidades españolas e estranxeiras.

Esta nova concepción lévao a formularse o modo e a forma de solucionar os complexos problemas para xestionar os recursos escasos. Afonda no estudo da programación lineal, explicando cun gran rigor as implicacións económicas da dualidade; de aí, pensando na formación dos profesores novos e dos alumnos, xorde a súa obra *Aplicaciones económicas de la programación lineal*; estuda os problemas de colas ou filas de espera e reformula os modelos globais empresariais aplicando os máis modernos métodos de simulación. Pero todo iso, situándonos na década dos anos sesenta, resultaba insuficiente nun mundo económico coma o español que se abría ao exterior. A nosa economía non é xa un mercado cerrado senón que a súa apertura xeraba a necesidade de estudar a dimensión e o crecemento empresarial como elemento clave para que a empresa como sistema en expansión cando menos sobrevivira.

Neste novo contexto, as finanzas constitúen o alimentador do sistema, interpretando o seu papel igual ca o sangue o fai no corpo humano. Da súa observación xorden os problemas do investimento que hai que elixir, dos custos das distintas fontes financeiras, da análise do posible equilibrio entre elas –a estrutura financeira óptima–, do comportamento do incipiente mercado financeiro e, xa que logo, da política de dividendos que hai que seguir. En síntese, todo un sistema –o sistema financeiro– no que é necesario profundar e interpretar os seus movementos para poder transmitírllelo aos demais.

E é con este reto como inicia e culmina o que vai constituír o piar das modernas finanzas. A súa obra *Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa* foi –e continúa a selo– a obra básica na cal os investigadores e os profesores clarificaron e comprenderon o mundo financeiro, dado que a literatura especializada existente ata ese momento –e continuou séndoo durante moitos anos– era confusa; eran traducións derivadas, ao meu modesto entender, do escaso coñecemento das “leis” financeiras que rexían nunha economía aberta como a española, que empezaba a dar os seus primeiros pasos.

Este tratado das finanzas empresariais vese complementado con outras obras co fin de incidir na ciencia da empresa, tales como *Economía Financiera de la Empresa*, *Curso de Economía de la Empresa* e o *Diccionario de Economía y Administración*, diccionario este tan necesario para clarificar o que Harold Koontz definiu como “a xungla do *management*”, ante a multitude de problemas semánticos existentes no mundo empresarial.

Malia todo o exposto, é de xustiza deixar constancia de que o profesor Suárez Suárez non se recrea no traballo ben feito senón que, insatisfeito como científico que é, segue investigando, tratando de dar unha resposta económica xusta, equilibrada, que corrixa as desigualdades sociais existentes. Reorienta os seus estudos aos máis desfavorecidos, profunda nas raíces da pobreza e, consciente da magnitude do problema, extrae unha serie de conclusións que constitúen os principios éticos polos que se rexe e polos que deberían rexerse os que teñen o poder de tomar grandes decisións.

Esta preocupación lévao a investigar os efectos da globalización económica e o seu impacto sobre a sociedade. É dicir, constata que, xunto ao auxe das novas institucións gobernamentais para impulsar os intereses do poder económico privado transnacional, se detecta a propagación do modelo social do Terceiro Mundo, onde existen illotes de esaxerados privilexios en medio dun mar de miseria e desesperación. Confírmase así o que se podería denominar “o paradoxo de Chomsky”, para quen a produción pode verse cada vez máis desprazada a zonas onde existe unha elevada represión e un baixo nivel de ingresos, mentres que o obxectivo daquela son os sectores privilexiados da economía mundial.

Así e todo, a esperanza aniña no profesor Suárez Suárez. Poderíase dicir que é un crente; un crente no mercado e no peso do Goberno para protexerse do que a “man invisible” podería xerar. Lembremos a este respecto as palabras de Adam Smith ao referirse a ela cando di que “*acabará coas posibilidades dunha existencia humana decente, a non ser que o Goberno tome medidas para evitalo*” como, segundo el, debe facerse en “*toda sociedade civilizada*”.

Esta consideración do peso do Goberno na economía levou ao profesor Suárez Suárez a aceptar formar parte das tarefas gobernamentais, asumindo o cargo de conselleiro do Tribunal de Contas do Reino. Desde esta tribuna privilexiada analiza o peso da empresa pública, cal é a súa contribución á redistribución da renda e o que, ao meu xuízo, é o máis significativo, os interrogantes máis importantes da

empresa pública, é dicir, actúan estas como locomotoras da economía?, son entes que focalizan os investimentos en canto “asentan” os centros de decisión, ou son simples “templos” de recompensa política? Estes interrogantes teñen acertada resposta nas publicacións que xurdiron como consecuencia da súa eficiente e eficaz “vida pública”. Como mostra, permítome citar as súas obras *La empresa pública y su control*; *El control o fiscalización del sector público. Auditoría de eficiencia*; *La moderna auditoría*; e *Orden económico y libertad*. É nesta última obra onde leva a cabo unha profunda reflexión sobre o sistema económico de mercado, a empresa e a intervención do Estado. Desta interrelación apunta o que podería ser a nova filosofía organizativa: a ecoorganización e fai súas as palabras de Bertrand Russel para quen “*a vida boa, tal e como eu a concibo, é unha vida feliz. Non quero dicir que se se é bo se será feliz senón que se se é feliz se será bo*”.

Non quixera rematar esta moi breve glosa sen deixar constancia tamén das súas incontables contribucións periodísticas tanto no campo social coma no político e económico, todo o cal me leva a sintetizar a súa vida e a súa obra considerándoo como un ensinante, como un investigador e como o que realmente é: un educador, un mestre de todos os que nos sentimos plenamente identificados coas primeiras palabras que nos transmitiu: honradez, esforzo e entrega aos demais.

Dixen todo o que en xustiza crin que debía dicir e, polo exposto, solicito que se proceda a investir ao profesor D. Andrés Santiago Suárez do grao de *Doutor Honoris Causa* pola Universidade Rey Juan Carlos.

PALABRAS PRONUNCIADAS POLO PROFESOR DR. D. ANDRÉS SANTIAGO SUÁREZ SUÁREZ NA SÚA INVESTIDURA COMO *DOCTOR HONORIS CAUSA*

Excelentísimo señor reitor magnífico da Universidade Rey Juan Carlos.

Excelentísimos e ilustrísimos señores vicerreitores, decanos e cantas máis dignidades aquí se atopen.

Queridos amigos e compañeiros.

Profesores, alumnos, señoras e señores.

As miñas primeiras palabras

Antes de entrar no tema específico obxecto da miña lección doutoral sobre *Economía e xustiza*¹ quixera expresarlles a emoción e a gratitude que sinto. Necesitaría para iso moitas palabras, moito espazo e seguro que demasiado tempo. Todo iso podería resumirse, porén, nunha única palabra: grazas.

Grazas señor reitor pola alta honra que se me confire ao investirme como *Doutor Honoris Causa* desta Universidade.

¹ O texto deste discurso está tomado en gran parte do capítulo V da obra do propio autor *Nueva economía y nueva sociedad* (Prentice Hall, 2001), aínda que coas simplificacións, modificacións e engadidos que a solemnidade do acto require.

Grazas aos meus queridos colegas e amigos, don Camilo Prado Freire e don Luis Tomás Díez de Castro, quen promoveron *ab initio* a miña candidatura. Grazas moi especiais ao profesor Prado Freire pola súa amable e xenerosa *laudatio*.

Ao director do Departamento de Economía da Empresa, don Carmelo Mercado, e nel a todos os profesores que dese Departamento forman parte e do que partiu a proposta da miña candidatura.

A todos os compañeiros e amigos que quixeron estar hoxe aquí comigo.

A toda a miña familia e, en especial, a Mariyoyi e aos nosos dous fillos –Inés e Pablo– pola súa comprensión e axuda nuns momentos tan difíciles.

A todos os profesores, catedráticos e mestres que contribuíron a formarme ou que me axudaron ao longo da miña carreira académica. Don José María Fernández Pirla, don Gonzalo Arnaiz Vellando, don José Giménez e Martínez de Carvajal e don José Girón Tena merecen especial mención.

Que tería sido de min se aos vinte e poucos anos non me atopara con estas catro grandísimas persoas?

A miña vida na Universidade Complutense –daquela Universidade Central– durante os estudos de Licenciatura en Ciencias Económicas e Comerciais e, sobre todo, durante a época de posgraduado ata que fun catedrático discorreu entre a Facultade e as demais institucións nas que daba clase (ICADE e CEU) e os colexios maiores nos que residín. No Colexio Maior Pío XII, do mesmo modo que no Colexio Maior Menéndez Pelayo e na Residencia Universitaria San Alberto Magno, atopeime cun ambiente intelectual e humano extraordinario.

A Facultade de Ciencias Económicas de Madrid foi a primeira creada en España e unha das tres –xunto con Barcelona e con Bilbao– que existían no país por aquela época. As clases de Ciencias Económicas e Comerciais –como se denominaban daquela os actuais estudos de Economía e Dirección e Administración de Empresas– dábanse no vello casarón de San Bernardo. Alí coñecín os máis prestixiosos mestres da economía en España e moitos compañeiros que máis tarde ían ocupar postos relevantes no mundo da Administración Pública, da empresa privada e das finanzas. Alí estaban, por exemplo, Sixto Álvarez, Alfonso de Esteban, Juan Pablo López de Silanes, Julio Segura e Francisco Villota, entre outros moitos.

No Colexio Maior Pío XII residín durante os dous últimos anos da carreira e iso constituíu para min unha grande experiencia. Este colexio maior (coma o resto das institucións que alberga o conxunto de edificios da Avenida de Xoán XXIII, número 3, entre as cales estaba o Instituto Social León XIII –integrado na actualidade na Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía da Universidade Pontificia de Salamanca–) foi creado por iniciativa e baixo o patrocinio dunha personalidade verdadeiramente excepcional: o cardeal don Ángel Herrera Horia (Don Ángel), á sazón bispo de Málaga. Para erixir tan magna e benéfica obra, don Ángel Herrera contou co apoio de persoas, igualmente exemplares e excepcionais, que regalaron o seu diñeiro e que dedicaron a tan nobre empeño unha parte moi importante da súa vida.

A súa principal misión era –e segue sendo, agora por parte da Fundación Paulo VI, na que se integraron esas e outras institucións– a formación de rapaces comprometidos co seu tempo, que algún día ían ocupar postos de responsabilidade na sociedade española; unha formación de conformidade coa ética cristiá e coa doutrina social da Igrexa; unha formación humanística complementaria da técnica que se nos daba na Universidade; unha formación de amplos horizontes e grande altura de miras, que non se circunscibía unicamente ao cristianismo senón que se estendía ao estudo de fenómenos relixiosos e movementos sociais alternativos. Todo iso no marco dun gran respecto á liberdade de pensamento, expresión e crítica de cada un de nós.

Canto ben me fixo a min o paso polo Pío XII!

O actual director do Colexio Maior Pío XII –a cuxa Asociación de Antigos Colexiais teño a honra de pertencer– é desde hai bastantes anos un prestixioso catedrático desta Universidade: don José Pérez de Vargas.

Grazas tamén ao catedrático don José Carlos Fernández Rozas, director durante un longo período de tempo do Centro de Estudos Superiores Sociais e Xurídicos *Ramón Carande*, o primeiro grande antecedente desta Universidade, como é sabido. El foi quen me convenceu –xunto co subdirector, don Ramón Febrero– para que organizara as ensinanzas de finanzas do segundo ciclo da Licenciatura en Administración de Empresas. Colaborei coa dita institución durante varios anos e fun testemuña do inxente e eficaz labor realizado polo profesor Fernández Rozas e polo seu equipo. É de xustiza recoñecerllo e agradecerllo.

Cando Fernández Rozas se foi eu quixen irme con el. Pero o novo director do *Ramón Carande*, don Rogelio Pérez Bustamante, vello coñecido e amigo dos nosos tempos de colexio maior, convenceume para que continuara. E así foi.

A miña colaboración co *Ramón Carande* permitíume suxerir o nome dalgúns novos profesores para impartir as clases das novas materias da especialidade; novos profesores que concluíran os seus estudos de licenciatura, que estaban cursando os de doutorado na Universidade Complutense e que daban os seus primeiros pasos no complexo e sempre incerto mundo universitario. Entre estes novos profesores estaba Pilar Laguna, por exemplo, de cuxa brillante traxectoria me alegro moito, como é lóxico.

E agora, sen máis preámbulos, entremos no tema específico obxecto da miña lección sobre *Economía e xustiza*.

A modo de introdución

Recibe o nome de actividade económica toda aquela actividade humana na que os medios dispoñibles *ab initio* susceptibles de usos alternativos non se mostran *prima facie* como suficientes para alcanzar os fins desexados. Como ser libre e in-

telixente que é, o home non se conforma coa satisfacción das necesidades máis elementais ou primarias.

Na permanente e denodada loita contra nós mesmos e contra o mundo que nos rodea, nesa tensión existencial entre os medios limitados que dispoñemos e os obxectivos que queremos alcanzar, nese afán de querer ser máis do que realmente somos, radica a esencia da condición humana e a clave de todo tipo de progreso.

A experiencia histórica acumulada proporciónanos suficiente evidencia para soste que sen orde económica de mercado non pode existir liberdade nin progreso económico. Pero o libre discorrer das forzas do mercado é fonte de desigualdades no reparto da renda e da riqueza. As análises da historia e os ditados da ciencia económica tamén nos permiten soste que o funcionamento correcto dun sistema de economía de mercado necesita de mecanismos correctores e de poderes compensadores que lles dean resposta aos anhelos colectivos que o mercado por si só, debido ás súas propias limitacións, non pode satisfacer, e que manteña as desigualdades que o sistema xera dentro duns límites socialmente tolerables.

Sobre a noción de eficiencia

Os dous termos invocados con maior frecuencia no campo das ciencias sociais son, sen dúbida, os de eficiencia e xustiza. Non é estraño que así sexa. Como advirte George J. Stigler (1992): “*Se eficiencia é o problema fundamental dos economistas, xustiza é o faro que guía o traballo dos profesores de dereito*”.

O valor ou principio de eficiencia está no corazón mesmo da economía. Detrás de todo modelo ou teoría económica late unha determinada concepción de eficiencia, porque a economía non é senón a ciencia da administración eficiente dos recursos escasos. Eficiencia é o mesmo que racionalidade económica. Un axente económico compórtase eficientemente cando cuns custos ou cun orzamento de gastos dado consegue facer máximo o valor do obxectivo desexado ou, equivalentemente, cando consegue alcanzar uns obxectivos dados ou prefixados co menor custo ou gasto posible.

Eficiencia individual e eficiencia xeral

A anterior definición de eficiencia atinxe ao comportamento dun axente económico individual. A busca dun comportamento eficiente nese contexto equivale a determinar –botando man dun símil xeográfico– o itinerario máis curto entre dúas poboacións situadas en dous puntos diferentes dun mapa de estradas, xeralmente coa restrición de ter que pasar e parar durante uns minutos nalgúns puntos intermedios seleccionados previamente.

Pero antes de seguir adiante, son dúas as preguntas que temos que facernos. En primeiro lugar, o comportamento eficiente dos axentes económicos individuais ou unidades económicas elementais, o simple funcionamento do mercado en suma,

conduce necesariamente a un óptimo social, a unha eficiente asignación de recursos a nivel superior? En segundo lugar, outra pregunta moi relacionada coa anterior; no suposto de que o simple funcionamento do mercado non conduza a un óptimo social, dispón a ciencia económica dalgún método ou criterio que permita medir os efectos positivos e negativos das políticas públicas que poidan ser emprendidas para reconducir o funcionamento do sistema na dirección que conveña ao interese xeral e seleccionar, en consecuencia, as máis convenientes?

A *economía do benestar* ten por obxecto, precisamente, este cometido. Ocúpase das recomendacións que hai que seguir para seleccionar as medidas de política económica máis idóneas.

O teorema da man invisible

O gran achado de Adam Smith (1776) consistiu en demostrar que nunha economía de libre mercado o comportamento anárquico dos individuos (produtores e consumidores) guiados polo seu propio egoísmo (os produtores buscando o seu máximo beneficio ou lucro e os consumidores a máxima utilidade ou satisfacción) produce resultados que concordan co interese xeral da colectividade, isto é, conduce a unha situación de máximo benestar (óptimo social). “*Non esperemos obter os nosos alimentos da benevolencia do carnicero, do viñateiro ou do panadeiro –advirte Adam Smith– senón do coidado que eles teñen do seu propio interese. Non recorramos á súa humanidade senón ao seu egoísmo, e xamais lles falemos das nosas necesidades senón das vantaxes que eles obterán*”.

O denominado teorema da man invisible, descuberto por Adam Smith e demostrado matematicamente un século máis tarde –ao que, segundo Samuelson, se chegou por un accidente case milagroso da ciencia económica–, é o argumento intelectual de maior peso a favor da orde económica de mercado.

Sobre os fallos do mercado

O mercado no mundo actual é moi diferente, porén, do mercado que funcionaba na Inglaterra do século XVIII ao que se refería Adam Smith, que era un mercado moi competitivo no que participaban numerosos pequenos produtores e consumidores. Os sectores máis importantes da economía e o comercio mundial de produtos básicos están dominados hoxe por unhas poucas grandes empresas multinacionais, e de aí que en lugar da *man invisible* do mercado debamos falar en realidade, como fai Chandler (1977), da *man visible* dos empresarios.

Pero mesmo nos mercados competitivos por causa do fenómeno dos custos marxinais decrecentes (monopolios naturais), das externalidades e da existencia de bens públicos, o mecanismo dos prezos que está detrás do teorema da man invisible non funciona ou o fai de maneira imperfecta. Nestes casos –e noutros varios– ten que ser o Estado o que corrixa os fallos de mercado para que o sistema económico poida funcionar dunha maneira minimamente harmónica ou equilibrada.

Sobre a economía do benestar e o óptimo de Pareto

O economista italo-suízo Vilfredo Pareto (1897), un dos máis importantes teóricos da economía do benestar, demostrou que, dada unha determinada distribución da renda e da riqueza, o simple funcionamento do mercado conduce a unha situación de máximo benestar ou óptimo de Pareto, definido este no sentido de que non é posible reorganizar a produción nin o consumo dos distintos bens e servizos para incrementar o grao de satisfacción dunha ou de máis persoas se non é á conta de reducir o benestar das restantes (cando menos de unha).

Unha asignación dos recursos económicos é eficiente no sentido de Pareto cando non existe ningún outro procedemento de asignación alternativo que mellore a situación dalgunhas das persoas afectadas (cando menos de unha) sen empeorar a situación dalgunhas outras (con unha que empeore é suficiente).

A de Pareto é unha forma *sui generis* de definir o óptimo social, na que o respecto ás minorías é total. Calquera cambio nas condicións de produción e distribución de partida faise moi difícil ao esixir o acordo unánime de todos os partícipes. No seu afán de eludir comparacións interpersoais de utilidade, abandona Pareto a idea dun óptimo social, único e absoluto, e establece un número ilimitado de óptimos igualmente preferibles, debido á imposibilidade de poder comparalos.

As condicións ou supostos ideais que han de darse para que o libre funcionamento do mercado conduza a un óptimo paretiano –as chamadas condicións de *first best*– viñeron sendo obxecto de duras críticas pola súa desconexión coa realidade, e de aí o nacemento dos óptimos de segunda preferencia. Nun mundo económico de *second best*, o Estado ten que intervir como elemento corrector dos defectos ou fallos estruturais do mercado.

Amartya K. Sen (1970) contraargumenta a Pareto e di: “*Unha economía pode ser óptima no sentido de Pareto aínda cando uns estean nadando na abundancia e outros bordeen a indixencia, con tal de que non se poida mellorar os indixentes sen recortar os praceres dos ricos. Se evitar o incendio de Roma fixera que Nerón se sentise peor, daquela deixalo incendiar Roma sería un óptimo de Pareto. En resumo –conclúe dicindo o dito autor–, unha economía pode ser óptima segundo Pareto e ser, non obstante, perfectamente indignante.*”

O principio de compensación

Todo cambio social supón ganancias para uns e perdas para outros. Kaldor (1939) e Hicks (1939) sosteñen que os ditos cambios deben producirse sempre que os gañadores poidan compensar os perdedores. A análise custo-beneficio (*cost-benefit analysis*) é o brazo operativo da economía do benestar. A principal ferramenta da que se dispón para a aplicación práctica do principio de compensación.

O teorema da imposibilidade de Arrow

Formulado por K.J. Arrow nun orixinal artigo escrito no ano 1950 e nun posterior libro publicado no ano 1951, este teorema supuxo un duro golpe á *teoría da*

elección social e foi obxecto dunha gran controversia. Refírese á imposibilidade lóxica de construír funcións de benestar social (ou utilidade colectiva) a partir das preferencias ou funcións de utilidade dos individuos. Segundo este teorema, non hai mecanismo ou regra de elección social que satisfaga un certo número de condicións razoables aplicables a calquera criterio de elección individual.

Este famoso teorema atopa os seus primeiros antecedentes no paradoxo descuberto polo francés M. Condorcet no ano 1785. Ese paradoxo consiste, en síntese, no seguinte: sexan os individuos 1, 2 e 3 que han ordenar de maior a menor preferencia as políticas públicas *A*, *B* e *C*. Unha vez producida a votación supóñase que o resultado é o seguinte: para o primeiro individuo a ordenación preferida é *ABC*; para o segundo, *BCA*; e para o terceiro, *CAB*. Cal é a ordenación preferida pola maioría?

A consecuencia lóxica deste teorema é obvia. Entre varias distribucións de renda ou riqueza alternativas, ninguén pode emitir un xuízo racional acerca de que distribución é a mellor. Todos sabemos por experiencia –e os economistas sabémolo mellor ca ninguén– que a través das políticas públicas se pode incrementar a riqueza das nacións e que unhas políticas son mellores ca outras. Porén, por cousa dos trasnos teóricos ninguén pode emitir un xuízo fundado acerca do efecto neto sobre o benestar social de ningunha desas políticas. Iso constitúe, como sinala Allan M. Feldman (1987), unha traxedia. Porque o descubrimento de Arrow proba que a democracia é unha simple ilusión ou unha fraude; e se a democracia non é posible, que outra alternativa tomar para o goberno dos homes?

O imperio do económico

Nunca a ciencia económica –unha ciencia relativamente nova con apenas douscentos anos de historia– contou cun maior prestixio que durante as últimas décadas do século XX. A teoría económica converteuse nunha teoría da acción humana, nunha teoría xeral da sociedade. Despois da paréntese keynesiana e da economía do benestar durante a primeira metade do século XX e as primeiras décadas da súa segunda metade, o mercado volveu situarse no centro do universo; converteuse no comezo e na fin de todas as cousas, no destino final da historia; o que non está no mercado non está no mundo.

Tanto a economía do benestar coma o keynesianismo asumían o paradigma do mercado competitivo como paso previo para identificar os seus fallos e definir as políticas de intervención que os corruxaran. A nova economía que se vai configurando, sobre todo a partir de mediados do século XX, irradia ao mundo, sobre todo desde Chicago, parte da asunción da superioridade do mercado como mecanismo de asignación eficiente de recursos económicos. Considera que a existencia de fallos de mercado máis que ás deficiencias ou ás debilidades deste son debidos á ausencia das condicións idóneas para que o mercado poida operar libremente.

As grandes empresas, o mesmo que as institucións públicas e mesmo o propio Estado, son malformacións do mercado que non existirían se ao mercado se lle

deixara libremente, segundo sostén un poderoso e influente grupo de economistas neoliberais (ultraliberais, en realidade).

O económico e o moral. O legado de Mandeville

Da súa análise da natureza humana na súa *Fábula das abellas ou os vicios privados fan prosperidade pública* (1792), Mandeville sostén que o orgullo e o egoísmo individuais son útiles á sociedade. Niso radica o gran legado de Mandeville aos economistas: en descubrir que as paixóns individuais están dispostas de tal modo que as súas aparentes discordancias empurran a sociedade cara á prosperidade xeral.

A Adam Smith correspóndelle o mérito de ter culminado o proceso de autonomía do económico respecto do moral e do político. A súa principal conclusión é que os egoísmos individuais non levan á guerra xeneralizada senón que conducen á prosperidade pública.

Sobre eficiencia e xustiza

Unha solución economicamente eficiente, óptima ou de equilibrio non significa que esa solución sexa necesariamente equitativa ou xusta. A solución de Nash (1950) ao problema do regateo pode resultar, desde o punto de vista ético ou simplemente desde o punto de vista do interese xeral ou colectivo, pouco atractiva. O dilema do prisioneiro constitúe un exemplo diso. Nun convenio colectivo os obreiros poden aceptar salarios inhumanos antes de morrer de inanición; se se deixan explotar é porque o seu poder de regateo é feble. Non sempre os acordos voluntarios entre partes, como os que se realizan a través do mercado, son acordos xustos. A desigualdade inicial ou de partida condiciona o resultado final da negociación.

No exemplo de Braithwaite (1955) hai un tal Lucas a quen lle gusta tocar o piano no seu cuarto e un tal Mateo a quen lle gusta improvisar o jazz coa trompeta no cuarto adxacente, con insonorización imperfecta entre os cuartos. Moléstanse mutuamente se tocan xuntos pero, como é natural, o trompetista molesta máis ao pianista que este a aquel. A solución final divide o tempo entre os dous, dándolle bastante máis tempo ao trompetista que ao pianista. Un xuíz imparcial seguramente ditaminaría que o feito de que Mateo poida ameazar a Lucas máis eficazmente que Lucas a Mateo non lle confire a este o dereito a tocar máis tempo.

O utilitarismo e a xustiza

O utilitarismo é a doutrina que proclama que o ben supremo é a utilidade. Só son valiosas as cousas que son útiles. Jeremy Bentham (1748-1832) –un prestixioso xurista inglés da época que fixo importantes incursións no mundo da economía– sostíña que o ben é identificable co pracer (utilidade) e o mal coa dor, e que a aspi-

ración de todo home é maximizar a diferenza entre o pracer e a dor (a utilidade e a desutilidade), categorías ambas as dúas que o utilitarismo considera cuantificables. Este filósofo tivo unha enorme influencia na súa época; as súas ideas tiveron importantes implicacións económicas. Exerceu un notable influxo na obra doutro grande utilitarista inglés: John Stuart Mill (1806-1873). Segundo Bentham, debemos promover o pracer, o ben ou a felicidade e evitar o mal, a dor ou a desdita. A de Bentham foi unha doutrina igualitaria; consideraba que todo home ten a mesma capacidade de pracer. O utilitarismo non defendía, porén, un liberalismo radical.

A utilidade ou o benestar do conxunto social vén dado pola suma das utilidades dos individuos que o integran, sen entrar a considerar a desigual distribución das utilidades individuais. Para os utilitaristas o xusto é o que satisfai o interese de todos ou da maioría dos membros da sociedade. Identifican, polo tanto, xustiza co *ben común*, co *interese xeral*, coa *utilidade pública* ou coa *utilidade social*.

Para os utilitaristas a xustiza é inseparable da maximización da función de utilidade agregada.

Segundo a moral utilitarista, a recta conduta será xulgada pola utilidade das súas consecuencias.

Rawls e a xustiza distributiva

Unha suxestiva teoría da xustiza é a formulada por John Rawls na súa obra *Teoría da xustiza*, publicada no ano 1971, que se enmarca dentro da doutrina tradicional do contrato social. O problema central co que se enfronta Rawls é o de determinar como se distribúen (reparten) os dereitos e os deberes entre os partícipes das institucións sociais para obter deles a máxima cooperación. Rawls refírese fundamentalmente á xustiza distributiva.

“*A xustiza é a primeira virtude das institucións sociais –di Rawls– do mesmo modo que a verdade o é dos sistemas de pensamento*”. O principal obxectivo deste autor é presentar unha concepción da xustiza que realice e leve ao máis alto nivel de abstracción o concepto de contrato social. “*O obxecto primario da xustiza é a estrutura básica da sociedade ou, máis concretamente, o modo en que as institucións distribúen os dereitos e os deberes fundamentais e determinan a división das vantaxes provenientes da cooperación social*”. A idea directriz de xustiza para Rawls é que os principios de xustiza para a estruturación básica da sociedade son o froito dun acordo orixinal. Son os principios dunhas persoas libres e racionais interesadas en promover os seus propios intereses que aceptarían nunha posición inicial ou de partida na que existira completa igualdade; un estado de pureza virxinal que evite o nesgo dos intereses creados; unhas normas de comportamento que haberán de conducir a acordos xustos por ter sido establecidas por seres racionais e imparciais. A xustiza é entendida por Rawls como equidade, porque equitativa é a posición de partida.

Cada persoa posúe unha individualidade fundada na xustiza que mesmo o benestar da sociedade no seu conxunto –en contra da tese sostida polos utilitaristas–

non pode atopar. De aí que a perda de liberdade para algúns non pode ser aceptada baixo o pretexto de que iso vai redundar en beneficio de moitos máis.

Rawls rexeita o principio utilitarista de agregación das utilidades individuais. Dálle prioridade ao principio de liberdade: cada persoa debe gozar da máxima liberdade compatible coa liberdade doutros; e, sobre todo, ao principio de igualdade de oportunidades; o principio que reconcilia o principio de igual liberdade co principio de eficacia e co principio da diferenza. Segundo este último principio, a prioridade en todo proceso de reforma social correspóndelles aos menos favorecidos.

Máis acerca da xustiza

Xustiza é dar a cada un o seu. Pero temos que preguntarnos: que é o seu de cada un? É a concepción que cada civilización ou en cada época histórica concreta se ten do *ben común*. Pero forzosamente temos que preguntarnos: que se entende por *ben común*? Unha noción máis ambigua mesmo aínda cá de xustiza.

Xa temos falado do concepto de xustiza de Rawls.

Para Kant, na súa obra *A metafísica dos costumes* (1797), xustiza equivale a igual liberdade.

Para os gregos a xustiza era similar á orde e á medida. A xustiza castigaba a desorde e a desmesura.

Aristóteles na súa *Política* considera que a función primordial da xustiza atópase dentro do Estado. Divide a xustiza en conmutativa e distributiva. A xustiza conmutativa regula as relacións de intercambio, tanto voluntarias coma involuntarias, duns cidadáns con outros. A xustiza distributiva refírese ao reparto de honores, de bens e de todas as demais cousas, no que se pode dar a cada persoa unha participación igual ou desigual.

Xustiza distributiva é reparto, pero non caprichoso, senón conforme a algún criterio lóxicamente sostible e socialmente aceptable.

A xustiza conmutativa representa a igualdade absoluta entre unha prestación e unha contraprestación (entre a mercadoría e o prezo, por exemplo), entre o dano causado e a reparación, entre o delito e a pena. A xustiza distributiva vai máis alá desta igualdade, como xa se dixó e máis adiante se verá.

Un xurista da talla de Jeremy Bentham (1748-1832) fixo un canto á seguridade xurídica, grazas á cal os humanos podemos prever o futuro e tomar en cada momento as decisións que máis nos conveñan ao respecto. Nesa facultade descansan os nosos plans de traballo e de aforro. Nela radica a principal característica do home como ser libre e intelixente que é, e a principal diferenza entre o home e a besta: na súa autoridade sobre o futuro e, dalgún modo, nun certo control do mundo.

Na realización práctica do ideal de xustiza estivo a orixe de toda estruturación social para que houbera non só xustiza senón tamén paz, orde e progreso. Con razón preguntábase o grande Ortega e Gasset (1883-1955): “*que outra cousa se lle pode pedir a unha sociedade antes que xustiza?*”.

A xustiza distributiva precede historicamente á xustiza conmutativa. Co triunfo da economía de mercado e dos réximes políticos democráticos –e moi especialmente da chamada economía social de mercado–, esta segunda acepción do termo xustiza case eclipsou a primeira. É a *episteme* (ou estrutura subxacente, no sentido que Michel Foucault utilizou este termo) sobre o que se asenta o concepto de xustiza na nosa civilización.

A conmutativa é a xustiza do Antigo Testamento resumida na famosa Lei do Talión: “*Ollo por ollo, dente por dente*”. San Paulo na súa carta aos tesalonicenses é claro: “*O que non queira traballar que tampouco coma*”. Aínda que o Novo Testamento –e o propio San Paulo noutros escritos– vai máis alá da equivalencia entre a recompensa e o esforzo. A porta da xustiza distributiva abriuse daquela e xa nunca máis se volveu pechar, afortunadamente.

Sobre a xustiza redistributiva ou xustiza social

Definimos a xustiza como igual liberdade. Nun Estado ben ordenado o poder de decisión (ou autodeterminación) de cada un de nós debe ser coherente (compatible) co dereito a unha igual autodeterminación de todos os demais. Coa denominada xustiza social –unha nova modalidade de xustiza que cobrou corpo sobre todo durante a segunda metade do século XX– ensanchouse o contido tradicional da xustiza. É un novo eufemismo que se utiliza en substitución do deostado termo *caridade*. Unha sociedade na que non exista relación entre esforzo e recompensa é unha sociedade sen norte, á deriva. Para que haxa esforzo (traballo) ten que existir a esperanza fundada dunha recompensa. A xustiza social vai máis alá do binomio esforzo-recompensa e con ela preténdese garantirlles a todos un determinado nivel de benestar, un mínimo vital, cando menos. As políticas a través das cales se fai efectiva a xustiza social constitúen o núcleo central do quefacer principal do estado do benestar.

O primeiro programa de seguridade social no ámbito nacional foi posto en práctica en Alemaña polo chanceler Otto von Bismarck (o Chanceler de Ferro) entre os anos 1883 e 1889. Entre as motivacións que determinaron a adopción dunha decisión tan importante en materia social por parte do Chanceler de Ferro non hai que menosprezar a de frear as ansias revolucionarias da nacente socialdemocracia alemá. As encíclicas papais *Rerum Novarum* (1891) de León XIII e *Mater et Magistra* (1961) de Xoán XXIII constituíron dous importantes fitos: a primeira na súa configuración e a segunda pola súa notable incidencia na súa posterior evolución do denominado catolicismo social. No Concilio Vaticano II (1962-1964) fálase abertamente de xustiza antes que de caridade.

O nacemento do estado do benestar –e mesmo o seu nome, *welfare state* en inglés– adoita asociarse coa posta en práctica en Gran Bretaña durante a década dos anos corenta dun conxunto de medidas de seguridade social a raíz do informe Beveridge, emitido no ano 1942.

En todo isto tivo moito que ver tamén a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948), así como as precedentes Declaracións norteamericana (1776) e francesa (1789). “*Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos*”, dise no artigo primeiro da primeira das mencionadas declaracións.

Moito foi tamén o que tiveron que ver con todo iso os conflitos e as convulsións sociais que azoutaron Europa durante os séculos XIX e XX. A xustiza social non é algo que os poderosos lles regalaran aos necesitados, aos máis desfavorecidos, senón unha gran conquista da clase traballadora froito da súa tenaz loita ao longo de case dúas centurias, ou unha estratexia dos gobernos conservadores para conter a avalancha esquerdistas en determinados momentos históricos especialmente conflictivos desde o punto de vista social.

Se temos que ser xustos á hora de repartir condecoracións nisto das conquistas sociais do moderno Estado de dereito (ou a economía social de mercado, como tamén se lle chama), teremos que convir que o mérito está bastante repartido, e algún haberá de corresponderlle tamén ao cristianismo, a primeira doutrina que predicou a igualdade entre os homes hai dous milenios.

A modo de conclusión

Nunha orde social na que se protexa a propiedade privada e se premie o mérito persoal –de non ser así teríamos que preguntarnos: liberdade para que?–, o exercicio da liberdade individual conduce normalmente a desigualdades e a inxustizas, a que uns homes asoballen ou exploten a outros, que son fonte de enfrontamentos persoais e conflitos sociais por todas as partes; conflitos que cando superan determinados límites fan imposible o exercicio da liberdade. De aí a importancia social do ideal da igualdade (un mal menor para os poderosos) ou, cando menos, dunha certa igualdade que faga factible unha convivencia civilizada, en paz. E de aí tamén a importancia da presenza do Estado para garantir o imperio da lei e para corrixir as desigualdades que a dinámica do mercado crea cando esas desigualdades superan os límites economicamente razoables e socialmente aceptables.

A xustiza social e o progreso económico que a fixo posible son froito, sobre todo, da racionalidade humana e dun crecente respecto entre os homes, sen menosprezar, por suposto, a importancia de ningunha das outras explicacións. Porque a xustiza debe ser o faro que guía non só o traballo dos profesores de dereito senón tamén dos economistas, como o debe ser de todo home ben nacido, calquera que sexa o seu oficio. O principal ideal da humanidade, sen o cal ningún tipo de progreso sería posible.

Pola promoción do principio de igualdade de oportunidades haberá de comezar toda acción colectiva que sexa merecedora do cualificativo de xustiza social. Non só por razóns de xustiza senón tamén de eficiencia. Se os que triunfan son os que máis valen, iso redundará nunha maior eficiencia das institucións públicas e privadas e, en definitiva, nun maior benestar para todos. Eficiencia e xustiza son os dos principais valores sobre os que descansa o bo goberno das institucións.

Eficiencia e xustiza, dous valores, ideais, metas ou obxectivos que teñen moito máis que ver o un co outro do que nun principio parece. Para comezar, os dous teñen unha orixe común: o *principio de escaseza*. No reino da abundancia, naquel no que a natureza todo o regalara sen a máis mínima intervención humana, sobrarían o un e o outro.

E nada máis, señoras e señores. Isto é todo.

Grazas, moitas grazas.